

# Balbina Vilán Quinteiro

“Eu levo investigado moito e non houbo unha muller que chorara tanto polo home como Balbina. Era permanente”. Son palabras do profesor e investigador Serafín Fontenla Fernández, responsábel da recuperación da biografía da cotobadesa Balbina Vilán Quinteiro, viúva de Manuel Fraga Fentanes, xastre asasinado polos fascistas. Para que o crime non ficase no esquecemento, Balbina deixoulle como legado á súa descendencia un romance composto no tempo do medo, despois de que os asasinados, agora próceres, lle prohibiran chorar por Manuel.

Desde aquela noite do 10 de agosto en que o asasinaron, Balbina non deixou de chorar por el. Pasaba o día chorando e o cura de Santa María de Sacos ameazouna. Balbina tiña os dous fillos na guerra e o cura díxolle que se a sentía chorar por Manuel axiña ía chorar por eles tamén, e ademais ía levala de novo ao cuartel, onde Balbina xa estivera, onde fora rapada. Así que Balbina aprendeu a lamentarse en silencio mais nunca deixou de devecer ao seu home. Nin rematada a guerra, nin andados os anos 40, nin nos 50... Na memoria familiar conservouse a anécdota dunha das netas que xa nos 60 escoitaba a Balbina lamentarse entre saloucos quedos: “Ai o meu Manoliño, ai o meu finadiño...” e a nena pensaba que a avoa lle morreran dúas persoas queridas: O avó Manuel, de quen tanto falaba, e Finadiño, que a pequena non sabía ben quen era.



Manuel Fraga Fentanes nacera en 1889 e de mozo emigrara á Arxentina para traballar como xastre. Ao regresar a Cotobade afiliouse á Sociedade de Oficios Varios e tamén á de Agricultores de San Xurxo de Sacos, converténdose nun deses emigrantes retornados que trouxeron a Galiza formación e ideas contrarias ao caciquismo imperante e ao fascismo latente. Unha desas persoas que as directrices do xeneral Mola alentaba a aniquilar. Por iso fuxiu tras o golpe e segundo o relato de Serafín Fontenla publicado polo historiador Xosé Álvarez no seu blog *Pontevedra nos anos do medo*, agochoouse na panadaría que un amigo tiña en Seixo, no Concello de Marín. Alí permaneceu un tempo até que, a instancias de Balbina, o foi buscar o seu fillo pequeno, Pepe, que no 36 tiña 16 anos. Ela non aturaba estar sen Manuel e de feito, cando regresa e lle explica que vai fuxir ao monte, Balbina dille que vai con el. Pero Manuel non quere que os fillos queden sós, así que fica na casa a pesar das advertencias que lle fixera un veciño cando volvíaa de Seixo.

Conta a memoria oral que até uns días atrás ese veciño fora garda cívico pero decidira deixalo tras participar no paseo dun home que sacaran da casa cos seus fillos pequenos colgando del e chorando. Moi afectado pola experiencia, anunciara ao seus compañeiros que deixaba o grupo, provocando que axiña o arrestaran. O día que atopou a Manuel de regreso do seu agocho en Seixo, contoulle que lle deran un ultimato que o obrigaba a alistarse na Lexión, e advertiulle que non fose para San Xurxo, que o andaban buscando. Pero Manuel seguiu cara á súa casa, situada moi preto do cuartel da Garda Civil. Axiña o citaron, obrigándolle a asinar un papel en branco. Serafín Fontenla explica que cando llo contou a Balbina, ela sentenciou:

*-Asínaches a túa morte.*

Fórono buscar o luns 10 de agosto. Segundo a memoria legada por Balbina catorce gardas cívicos irromperon na casa. Mentres Manuel se vestía, remexeron todo. Probablemente buscaban o estandarte da Sociedade de Agricultores de San Xurxo xa que un deles berrou: *Aquí está!*, mentres sacaba dun dos caixóns desvalixados un pano vermello. Mais só era un vestido de Balbina e ao decatarse, tirouno ao chan con rabia. Sacaron a Manuel da casa entre golpes e empurróns. O fillo maior, Manolo, que daquela tiña 22 anos, lamentouse:

*-Papaiño, non podemos axudarte que nos matan!*

O relato de Serafín Fontenla en *Pontevedra nos anos do medo* recolle que, nada máis afastarse a cuadrilla con Manuel, a súa familia saíu para indagar, sen éxito, onde o levaran. Pouco despois chega a San Xurxo a nova de que aparecera o



cadáver dun home en Bora e Balbina e o seu fillo maior alugan un coche para comprobar se era o de Manuel. O rapaz baixou a mirar:

*-Queda no coche, non baixes, mamá. Non é papá. Este ten reloxo de pulseira e papá utilizaba reloxo de peto.*

Pero o alivio é momentáneo. Ao pouco, un rapaz de Tenorio que, acompañado por un can de caza, levaba a vacada pola zona da Ponte da Rocha, párase a mirar por que o can ladra tanto e atopa nunha veiga o corpo esnaquizado de Manuel, que os asasinados lanzaran tras torturalo por un terraplén de máis de tres metros de altura.

A familia tentou levalo para enterrar en San Xurxo pero non lles deixaron. Tiña que ficar na parroquia onde fora o crime. Conta Serafín Fontenla que a xente de Tenorio “a pesares da represión e do terror imposto, acompañou o féretro”, sobresaíndo na achega a familia das *Cachadiñas*.

Balbina non logra facer o traslado dos restos ao seu panteón de San Xurxo até 1948. Rematan entón as continuas visitas cos seus fillos a Tenorio, pór flores na tumba de Manuel. Nin entón nin nunca deixaron de botalas desde a Ponte da Rocha.

O asasinato do pai só foi unha das traxedias que padeceu a familia. Seguiulle o rapado de pelo a Balbina e o ser ameazada polo cura de Santa María de Sacos, cómplice da barbarie: “Como chores, seguimos con eles...”. Seguiulle a incorporación dos dous fillos ao exército dos golpistas que o mataran, e a convivencia diaria co fascismo.

Preto do fogar familiar e do cuartel da Garda Civil había unha farmacia. Poucas semanas despois do asasinato de Manuel, o seu fillo Pepe pasou por diante da porta, de camiño ao monte co gando. A farmacéutica berroulle ao sarxento do posto:

*-Amadeo<sup>1</sup>, Amadeo, cuando se corta un árbol perjudicial hay que hacer desaparecer también su simiente.*

Pepe foi axiña enviado ao exército do que xa formaba parte o seu irmán Manolo, e foron Balbina e a súa filla Evanxelina as que quedaron convivindo co terror veciño. Saíron adiante traballando o agro e algunha vez houbo que recorrer ao contrabando para levar alimentos á casa. Contaba Balbina na casa que un día

---

<sup>1</sup> Trataríase, con case toda probabilidade, de Amadeo Gonzalez Leiro. Eran varios irmáns gardas civís (Amadeo, Antonio, Ángel e Alfonso) e Antonio González Leiro aparece na instrución do asasinato de José Pintos Quintero. Sería o axente ao que segundo o falso informe dos gardas, Pintos “intentou agredir” de aí que fora asasinado polo compañeiro de González Leiro, o garda José Ameneiro.



vindo polo monte veu brillar os gorros dos gardas e primeiro guindou o saco de millo e despois tirouse ela ao chan para que non a collesen. Na casa non chegaron pasar fame pero pasárono moi mal, sempre chorando as dúas.

A última coitelada do fascismo chegoulles case trinta anos despois do asasinato, en 1965, cando Balbina houbo de tramitar a pensión. Así o conta Serafín Fontenla: “Cando chega a hora de xestionar o subsidio da vellez e precísase acreditar a morte de Manuel Fraga Fentanes, indícaselle que se poñía que morrera nas circunstancias relatadas, o máis probable era que non lla concedesen, polo que houbo que facer no rexistro unha inscrición marxinal de falecemento, no ano 1965, dando como data do mesmo a do 10 de agosto de 1946, día no que transcorreran os dez anos da súa ‘desaparición’”.

A rabia e a mágoa ficaron para sempre, como as secuelas da tuberculose que Pepe, o menor dos fillos do matrimonio, padeceu no exército ao que lle obrigaron a alistarse os golpistas que asasinaron ao seu pai. Nunca o esqueceu. Cando volveu da guerra traballou de ferroviario pero tamén cortaba o pelo na casa e aproveitaba o momento para contarlle aos seus clientes o que lle pasara a Manuel. Nunca deixou de denunciálo. Colleu o relevo da súa nai, coa que -salvo unha temporada na que residiu en Madrid-, viviu toda a vida, mesmo despois de casar. No tempo do silencio imposto e a da rapa e das ameazas, Balbina mantivo o aceno resistente de compor un romance no que relataba a historia do acontecido aquel agosto:

Madre mía de mi vida / un caso te voy a contar  
que horroriza el sentido / y las piedras hace llorar.  
El día diez de Agosto de 36 / día tan señalado  
que me robaron a Manuel / catorce hombres armados.  
Entraron por las puertas / puertas y ventanas  
a las dos de la mañana / que estaba acostado,  
acostado en su cama. / Andar hijos de mi vida  
dadme la ropa ya / papacito papacito  
no te la podemos dar / que nos pueden matar.  
Señores y caballeros, / por favor yo les pido  
que no me los martiricen / que son unos infelices.  
Manuel mío de mi vida / Manuel mío de mi querer



que gritamos y gritamos / y no nos vienen valer.  
Calla mujer de mi vida / prenda de mi corazón  
que el que no las debe / no las paga  
sino que sea una vengación.  
La vengación es tan grande / Manuel de mi querer  
que gritamos y gritamos / y nadie nos viene valer.  
Los gritos de nuestros hijos / llegan a los cielos  
pero nuestros vecinos / están sordos y ciegos.  
Adiós papá de mi vida / papá de nuestro querer  
que te nos roban de casa / y no te podemos valer.  
No te podemos valer / no te podemos salvar  
ladrones de nuestra casa / dónde lo irán a pagar.  
Adiós Manuel de mi vida / prenda de mi corazón  
que te me roban de casa / esos bandidos ladrones.  
Quedamos los cuatro / los cuatro desgraciados  
llorando día y noche / sin poder salvarlo.  
Ladrones de mi casa / ladrones de mi vida  
ladrones de mi casa / que me dejaron perdida.  
Lo llevaron en el coche, / en la Rocha lo mataron  
y por las zarzas y robledas / por allí lo arrastraron,  
y a una altura de tres metros / a una presa lo tiraron .  
Vino por allí un chiquillo / un chiquillo con el ganado  
con un perro de caza / destrozado lo encontró.  
Su hijo Manuel: / papaiño, papaiño  
papaiño de nuestro querer / como te han puesto papá  
apenas se te puede conocer. / Una bofetada me dieron  
al suelo me tiraron / por querer ver a papá  
¡ay valientes y desgraciados!



Madre mía de mi vida / vaya una valentía  
catorce hombres armados / para quitar una vida.  
Una vida tan amable, / papá de nuestro querer  
vivían bien en su casa / tres hijos y su mujer.  
Madre mía de mi vida / dadme ánimo y sentido  
yo no puedo pensar / en tan horrible crimen.  
A la gente de Tenorio / le debemos atención  
acompañaron a mi prenda / con toda devoción.  
Al cementerio lo llevaron / y allí lo enterraron  
aquí estamos Manuel / tus hijos y tu mujer  
te venimos a visitar / ay que muerte tan cruel.  
Descansa Manuel de mi vida / en esa tierra tan fría  
descansa Manuel del alma / en esa tierra tan helada.  
Tu mujer anda llorando / por toda Galicia y España  
si yo fuera pajarillo que / volara por el cielo estaría  
siempre a tu lado en el cementerio.  
Hijos de mi vida / hijos de mi corazón  
guardar este libro hijos míos / guardarlo en el corazón.  
Que lo lean vuestros hijos / y mis bisnietos nada más,  
que es la muerte de papá / y un recuerdo de mamá  
que no se borra jamás, jamás.

Balbina era moi de coplas, de facer rimas, de contar cousas, e as netas asumiron aquel romance como un relato máis da avoa. Até que lle pediu á súa neta Carmen, á filla de Pepe, cando aínda era unha nena, que o escribise e fixese tres copias en tres cadernos. Tres libros, dicía ela. E así foi. A neta cumpríulle o encargo sen saber que estaba sendo notaria da mellor herdanza da súa avoa: a transmisión á descendencia da historia familiar.

Balbina sabía ler e escribir. Aprendera cando Manuel estaba emigrado na Arxentina para deixar de depender de que alguén lle lera e lle contestara as súas cartas. E logo, durante a II República, naquel tempo en que as mulleres empeza-



ban a ser tratadas como cidadás, formou parte dunha mesa electoral xunto a Avelina Aguirre, outra veciña de San Xurxo de familia republicana. De feito, o irmán de Avelina, que tamén estivera en Bos Aires, morrera pouco antes do golpe e segundo conta Serafín Fontenla, o seu enterro civil estivera presidido por aquel estandarte vermello da Sociedade Agraria que os represores da loita da clase traballadora confundiran co vestido de Balbina. O mesmo estandarte, explica o profesor, “que o primeiro de Maio de 1936 encabezaba a manifestación que, partindo de San Xurxo, foi ao encontro doutra que viña de Santa María de Sacos e que, ao xuntarse na Portela da Cruz, celebraron un mitin”.

As dúas mulleres compartiron unha experiencia electoral que non estivo exenta de polémica pois as esposas dos axentes da Garda Civil foron votar sen a cédula de identificación persoal e a mesa non lles deixou facelo, provocando que axiña chegara ao colexio unha patrulla de gardas pregoando que as súas mulleres votaban “si ou si”.

Serafín Portela explica que xa non era cuestión do sentido do voto das mulleres: A cuestión principal era que para obter o documento había que facer un pagamento no concello e a Garda Civil eximía dese abono ás súas esposas, mentres que a xente humilde tiña que realizalo.

O caso é, que ao non ter o documento, correspondente co actual DNI, os membros da mesa impedíronlles votar e logo do golpe aquel xesto usouse para levar a cabo represalias contra eles. Por exemplo, Antonio, o carteiro da zona e tamén integrante da mesa, foi afastado dun posto que pasou a ocupar Edelmiro Blanco, xefe dos cívicos. A partir de entón, celebráronse no posto reunións da Garda Cívica.

Porén, aínda que Balbina sabía escribir, no tempo do medo e os rexistros non se atreveu a pór o romance nun papel e foi despois, cando xa non se atopaba ben de saúde e probablemente tiña medo de que a morte levase tamén á súa lembranza en copla, que lle pediu á pequena Carme, que vivía con ela, que lle axudase a recollelo por escrito.

Díxolle que lle tiña que escribir tres libros. Ela dicía así, tres libros, pero o que quería era que mercase tres cadernos e copiase neles o romance. Díciallo moitas veces e cando empezou a facerse maior e a encontrarse mal, entroulle moita présa. Balbina quedou viúva con 42 anos pero axiña pareceu maior, sempre de negro, co pano na cabeza, como se o fascismo lle matara tamén os anos de muller aínda nova que lle quedasen e só lle deixara un loito eterno. E desa volta, que se atopou realmente mal e tivo que acamarse, insistiulle que lle tiña que



escribir os tres libros, un para cada fillo, e fíxolle comprar uns caderniños pequenos onde escribir. A neta, que andaba no tempo dos xogos, intentaba adialo:

*-Bueno, abuela, xa o faremos....*

Pero ela temía marchar antes de deixar o legado e insistía:

*- Anda bonitiña...*

E a pequena fíxose caso. Mercou os tres cadernos e antes, nunha folla solta, foi cumprindo co ditado. A avoa recitaba e ela, coa súa letra de cativa, copiaba: *Madre mía de mi vida, un caso te voy a contar...* Ás veces, a avoa apuraba un pouco de máis e entón a neta mandáballe acougar:

*-Abuela, agarda, imos aquí, mira...*

Pero se paraba, logo xa non sabía fiar onde o deixaran, e a escribía dicíalle:

*- Empeza desde o principio.*

E así botaron un montón de tempo porque Balbina ao estar doente, afogaba. Ás veces a neta pedíalle que parasen un pouco para ir xogar, e ela pregaba:

*-Anda, imos seguir outro pouquiño...*

Até que logrou ditalo enteiro e desa escrita a neta fixo tres copias nos cadernos. Uns en letras maiúsculas, outros en minúsculas, non se sabe o porqué. Doullos á avoa que logo se puxo mellor e, sen comentalo con ninguén, Balbina entregoulle unha copia a Pepe, outra a Manolo e outra á filla maior, Evanxelina, que cando lle mataron ao pai tiña 24 anos. Até ese momento, fora como un segredo entre avoa e neta. Non era que lle prohibira a Carmen contarllo a ninguén, pero fóranos facendo as dúas na soidade do cuarto da maior, e ningunha falou co resto da familia do que estaban a facer.

Cando morreu Franco, Balbina xa non estaba e foi Pepe o que se empeñou en que a historia do seu pai non se esquecese. Empeñouse en pór unha cruz onde o mataran, mais na familia quitáronlle a idea. A democracia era nova e aínda había medo, así que non houbo cruz. Pepe pensara en colocala, non por símbolo cristián senón para escribir nela que alí fora onde asasinaran ao seu pai. A palabra asasinar tíña ben claro. Repetíaa sempre cando contaba a historia aos que ían á súa casa afeitar.

Non quedou dito quen fora buscar o seu pai aquela noite do 10 de agosto pero si que días antes, cando estaba agochado no Seixo, fora preguntar por el á casa,





Victor Lis Quibén, o fillo de Fulgencio, o compadre de Manuel. Fulgencio de Lis Vilán, veciño da familia Fraga, era moi amigo de Manuel e apadriñou ao seu fillo Pepe. Pero Fulgencio morreu en novembro de 1935, meses antes de que o seu fillo, Víctor Lis, se convertera nun dos principais represores do réxime.

Lis Quibén casou e tivo tres fillas (Manolita, Carmelita e Victoria) coa mestra Eludina Casas, da que acabou separándose. A súa escola estaba situada preto da Casa do Pobo, sede da Sociedade Agraria e de oficios varios, que os fascistas incautaron tras o golpe e que, chegada a democracia foi mercada pola Sociedade de Montes. Conta Serafín Fontenla que a pesar de ser un concello pequeno, Cotobade tiña na época da II República unha actividade fervente, máis se cabe que a propia capital, destacando o papel das Agrarias: "As sociedades agrarias foron un niño de formación tremendo. Foron abrílle os ollos á xente. Un día atopei cun home que militaba no PSOE e díxome que ía a Cerdedo buscar o periódico porque isto, o de ler, metéranllo as sociedades agrarias e desde aquela non era capaz de pasar sen o xornal". Esa influencia traducíuse nunha importante vitoria da esquerda nas eleccións, tal e como tamén lembra Fontenla: "Nas últimas corporacións democráticas saíron moitos representantes das Sociedades Agrarias. Que o pai Luís ía facer apostolado a Tenorio para que votaran á dereita e o xornal recolleu o seu chasco porque saíran os tres representantes da Sociedade Agraria. Foi unha escola de formación para toda esa xente".

Contra esa arela de saber, que empurraba ás clases baixas a rexeitar o caciquismo e a loitar polos seus dereitos, levantáronse en armas o exército, o capital e a igrexa, deixando nas cunetas as ideas novas de xente como Manuel Fraga Fentanes, lembrado para sempre nas rimas da súa muller.